

Comunidades de Aprendizaxe como praxe socioeducativa: unha mirada dende o Practicum en Educación Social.

Javier Riádigos Couso. Universidade de Santiago de Compostela (USC)

javier.riadigos.couso@rai.usc.es

Resumo

Na actual sociedade da información e o coñecemento son numerosos os desafíos aos que a Pedagogía-Educación Social se enfrenta para dar respostas en clave educativa ás problemáticas que se suceden na vida diaria. Quizais, un dos maiores retos sexa a apertura real da escola á comunidade, garantindo e impulsando a participación de toda a comunidade na dinámica dos centros escolares. Un dos argumentos que sustenta esta afirmación, é o feito de que a escola -coa visión máis tradicional- non é capaz de atender a todas as demandas educativas que xeran estas sociedades. A este feito engádesse a percepción de que a educación inhíbese de todo o que acontece nas aulas e tamén daqueles estímulos cotiás que interaccionan nos diversos contextos das nenas, nenos e adolescentes: escola, familia, comunidade, centros socioculturais, medios de comunicación e un longo etcétera. De aí que, nestas circunstancias, a contorna se converta nun axente educativo chave no que a coordinación e o diálogo coa escola resulte unha estratexia esencial (Valls, 2003).

Neste marco, a Educación Social -entendida como a praxe da Pedagogía Social- ten un papel relevante no ámbito da acción-actuación socioeducativa. Unha cuestión que non está exenta de debate entre as diferentes disciplinas implicadas na denominada educación regrada. Con todo, e partindo da convicción de que outra educación é posible, existen numerosas iniciativas e experiencias pedagóxico-sociais que contan con unha dilatada traxectoria e que fan realidade o vínculo educación-comunidade-escola. Derivado do seu éxito a nivel internacional, cabe destacar as *Comunidades de Aprendizaxe*, que se definen como un proxecto baseado nun conxunto de actuacións educativas orientadas á transformación social e educativa das propias comunidades. Un modelo educativo que destaca por integrar e implicar -nun mesmo plano de intervención- a todas as persoas que -directa ou indirectamente- se ven interpeladas no proceso de aprendizaxe e de desenvolvemento do alumnado: profesorado, familiares, amizades, veciñanza, membros das asociacións veciñais, etcétera (Comunidades de Aprendizaxe, s.f.).

Tendo en conta o anterior, a finalidade desta comunicación é poñer en valor as Comunidades de Aprendizaxe como pretexto e contexto da Educación Social, tomando en consideración a experiencia vivida ao abeiro da materia do Practicum I -do Grao en Educación Social- que se desenvolveu no IES Artabe BHI da localidade de Bilbao (Bizkaia, Euskadi), no marco do programa de mobilidade do Sistema de Intercambio con Universidades Españolas (SICUE).

Referencias bibliográficas

Comunidades de Aprendizaje (s.f.). Recuperado de <https://comunidadesdeaprendizaje.net/>

Valls, R. (2003). Los educadores y las educadoras sociales en las comunidades de aprendizaje. *Cuadernos de Educación Social*, 3, 43-51.